

O libro das viaxes e dos sonhos, unha viaxe pola literatura

Carme Hermida

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

HERMIDA, CARME (2011 [1987]). “*O libro das viaxes e dos sonhos, unha viaxe pola literatura*”. *Dorna*: 12, 69-72. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/104>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

HERMIDA, CARME (1987). “*O libro das viaxes e dos sonhos, unha viaxe pola literatura*”. *Dorna*: 12, 69-72.

* Edición dispoñíbel desde o 24 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

O LIBRO DAS VIAXES E DOS SOÑOS, UNA VIAXE POLA LITERATURA

Por: Carme Hermida

O único libro en prosa de Eusebio Lorenzo foi publicado no ano 1986 pola Editorial Vía Láctea co título *O libro das viaxes e dos soños*. Esta pequena obra foi pensada, nun principio, como libro de lectura complementario da asignatura de Galego de 7º de E.X.B. Este carácter esencialmente funcionalista e didáctico que sería de esperar nun libro desta caste non aparece por ningures e o autor creou unha obra literaria con significado en si mesma e que pode ser lida por calquera lector.

O gran mérito do *libro das viaxes e dos soños* está, dende o meu punto de vista, en ser un breve compendio de literatura. O lector incansable que foi Eusebio, deixounos nestas páxinas un claro exemplo de que, ademais de ler e estudar, asimilou técnicas, estilos, formas e xeitos das máis diversas obras. As 89 páxinas escritas en prosa son un bo exemplo de voces mainas, sobre as que destaca a voz potente do noso escritor, que nos falan doutros escritores e doutras obras. De entre todas estas voces secundarias hai varias doadamente identificables: as de Cervantes, Cunqueiro, Ferrín, Pero Meogo, a historiografía medieval e a da cultura tradicional e da literatura oral. A miña pequena contribución a esta homenaxe ó escritor e compañeiro vai consistir en analizar moi brevemente algunhas das influencias literarias anteriormente citadas.

A primeira dos grandes ecos que podemos achar na obra de Eusebio é a de Cervantes e, moi especialmente, a do Quixote, que se observa xa no deseño editorial. *O libro das viaxes*

está dividido en tres partes: un prólogo o lector, dezaoito *estampas* nas que se contén a historia propiamente dita e a *última páxina* na que se fai unha reflexión en verso do que acabamos de ler e do seu significado. O paralelismo coa obra de Cervantes está presente non só na equivalencia entre *estampas*, este cífrase esencialmente nos encabezamentos das mesmas e no seu remate. Coma na obra do manco, tamén neste libro hai unha lenda que segue á enumeración e que contén unha breve explicación do que nela se vai contar. Un só exemplo abonda para observa-la resoancia antedita:

“Cuarta estampa onde se fala da orixe certa dos canteiros e outras cousas de non menos interés” (páx. 23).

As anotacións que o narrador fai ó remate de cada unha das *estampas*, anunciando a continuación dunha aventura ou, simplemente, explicando o porqué do paso a outro capítulo, son tamén testemuña desta débeda coa obra cervantina:

“Pero do que segue falaremos axiña, que de tanto cavilar non sexa o demo que me seque o cerebro e perda o siso, que os desafinos no escribir sonche coma os desvarios dun tolo” (páx. 48).

“Como falou e que palabras lle cómpren a un rapaz dirávolos o autor na seguinte estampa...” (páx. 66).

A estrutura do *libro das viaxes* ten como base o *artificio do manuscrito*. Así nolo confirma o *prólogo ó lector*:

“Alí atopei, nas follas dun volume sobre a miña vila, esta narración” (páx. 9).

A adopción desta técnica conleva a presenza de dous narradores, o primeiro narrador, aquel que creou o manuscrito, e o segundo narrador ou transcritor da obra atopada. Tamén aquí, coma no caso do Quixote, podemos observar que o *transcritor* non se limita á translación do manuscrito senón que intervén na narración con comentarios sobre o que está a transcribir e así nolo confesa el mesmo:

“Só é de entender por aquel que agora comece esta xeira, a miña obstinada deformación de escritor que fixo que de vez en cando intervira con notas e avisos para participar tamén no conto” (páx. 9).

e temos ocasión de observar repetidamente ó longo do libro. Velaí un exemplo:

“¿Por que pensades vós que hai tantos hórreos nas terras de Occidente cara ó mar, tanta pedra que parece cansada de estar ó alto, luída polo vento e a chuvia que ven do sur?. Confesaréivo-la miña sorpresa cando lin o que di (o autor da historia) e veredes canto matinou” (páx. 25).

É de suliñar no tocante á presenza destes dous narradores primarios

(hai tamén os secundarios que narran distintas historias das que aparecen no libro, Anselmo e a lenda de Pontedouro, Roi Bieites, etc.) que a aparición de cada un deles está lingüisticamente marcada, falando o narrador primeiro en pasado e o transcritor en presente.

Tematicamente tamén podemos achar algúns paralelismos entre as obras mencionadas, pero xa de carácter máis secundarios. Entre estes podemos destaca-los que tratan de Roi Bieites que lembra un pouco a figura do cabaleiro do Verde Gabán, a aventura do Pazo que podemos poñer en relación co Castelo do Duque e a aventura de Claudia, filla de Rubiana e de Pachín, membros e constituíntes dunha compañía de teatro ambulante, que trae ecos da aventura de Maese Pedro e o seu “retablo”. Levando ata o límite esa influencia de Cervantes mesmo se podería ver-la relación entre ámbalas parellas de protagonistas, cousa que xa semella de máis difícil demostración.

Dentro do que é a literatura e a cultura galega propiamente dita, son moitos os ecos que dela nos chegan. Comezando polo máis afastado no tempo, hai que facer mención ás referencias á literatura medieval. A primeira e máis evidente: Pero Meogo e os seus cervos. Son dúas as referencias que ó longo da obra se fan a estes; a primeira na terceira estampa, onde hai que salienta-lo xeito tan sutil que ten de encanala coa historia:

“Dos amantes nunca máis se soubo nin os libros dan noticia. Sospeito que deben andar agora a namorar algunha cerva” (páx. 22).

Na decimoterceira estampa aparece a segunda:

“Como falou e que palabras lle cómpren a un rapaz dirávolo o autor na seguinte estampa porque nesta váisenos coma os cervos de noutrora a procura-las augas dun río transparente” (páx. 66).

A historiografía medieval tamén está presente, xa non en referencias, senón literalmente. Cando o autor, na páxina 63, fai unha descrición de Anselmo compárao con Nástor e copia literalmente as palabras con que este último se describe na *Crónica troyana*. O influxo medieval tamén se deixa sentir na historia contada na estampa décimoterceira na que se narra a loita entre dous cabaleiros, Reimonde Sempar e o aleivoso Moricán, pola man dunha princesa. “O meu señor Merlín e Ofelia a dos loucos amores” (páx. 78) e as Amazonas, tan ben caracterizadas na xa citada *Crónica troyana*, tamén están aquí presentes.

A lenda da fundación de Pontedouro, producto dos amores dun cabaleiro e dunha lamia; a orixe dos canteiros e do seu verbo; a meiga coma curandeira dos males sen remedio (estampas 12ª e 13ª), o influxo benéfico dalgúñas fontes, “da auga de Carnoval algúns din que fortalece a quen a bebe e que os protexe diante da morte” (páx. 78), son un claro exemplo do influxo da outra literatura, da que perviviu centos de anos a carón das lareiras.

As pegadas de narradores deste século evidencianse con diáfana claridade. Cunqueiro está presente na

obra de Eusebio en varios momentos: O caso máis evidente é na historia do corvo. O móbil da viaxe de Brais é a aparición dun corvo letrado que perdeu unha espiga vermella que lle era absolutamente necesaria para recuperala “lembranza de tódalas cousas pasadas”. Para axudalo, Brais bótase ó camiño.

Na obra de Cunqueiro aparecen, alomenos, tres corvos: “O corvo branco” (*Escola de Menciñeiros*), “Soleiro en figura de corvo” (*Xente de aquí e de acolá*) e *O corvo Estanislado* (*Os outros feirantes*). Nos dous primeiros casos os corvos son o traxe que algún morto pon para volver a este mundo, o terceiro dos corvos creados por Cunqueiro ten unha funcionalidade ben diferente e nela parece que se baseou Eusebio para a creación do seu. O paralelismo obsérvase en varios aspectos: os dous aparecen para solicitar un favor a unha determinada persoa (*Cunq.*, solicita comida; *Eus.*, a espiga vermella), as dúas cousas solicitadas son en ámbalas narracións necesarias para a supervivencia do animal; a petición é atendida polos seus interlocutores. Parece pois claro a semellanza das dúas figuras e mesmo do artellamento das dúas aparicións, aínda así a funcionalidade desta aparición é netamente diferente nas dúas obras comparadas: a Cunqueiro, nunha breve narración, sérvelle para demostra-lo egoísmo humano, en Eusebio será a base sobre a que se cree unha historia de altruísmo.

Na figura do narrador hai algunhas pegadas de Cunqueiro na medida en que lembra moito o Felipe de *Merlín e familia*, non só polo ton do escrito, tamén polo contido.

“Pero pouco a pouco a moza ilusión vai dando paso ós longos silencios e a necesidade deixa sitio ó azar para que aquel nos guíe” (páx. 9).

Nestas verbas pronunciadas polo narrador chégano-lo eco perceptible destoutras de Felipe:

“Tal e como agora eu vou, vello e anugallado, perdido cos anos o lentor da moza fantasía, pónseme por veces no maxín...”.

E do mesmo xeito que dubida o mozo de Merlín de que Esmelle non sexa máis ca unha mentira nacida na súa mente, tamén no *Libro das viaxes* se dá esta posibilidade sobre a existencia de Pontedouro:

“É posible que Pontedouro nin sequera exista máis ca no maxín de Brais e no do noso autor” (páx. 87).

E xa para rematar nesta pescuda de influencias narrativas quero facer

referencia ás semellanzas estruturais existentes entre a obra de Eusebio e a de Ferrín, *Arnoia, Arnoia*. A primeira cífrase en que nos dous casos topamos cunha parella que realiza unha viaxe, Brais e Ansenso no *Libro* e Nmógadah e Mestre Lionel na de Ferrín. Nos dous casos o protagonista é un neno (Brais e Nmógadah) en vísperas de perde-la inocencia, precisamente na viaxe, e o seu acompañante, un vello (Anselmo e Mestre Lionel) que se comporta coma a voz da experiencia e coma coadxuvante na busca iniciática. E por fin, sulíña-lo significado que en ámbalas dúas obras ten a viaxe, a perda da inocencia e a busca da propia personalidade.

Como coído que queda demostrado, esta *ópera prima* de Eusebio Lorenzo, con moitos acertos, pero con tachas derivadas do seu propio carácter, é unha adaptación á literatura do principio da enerxía, a literatura non morre nun libro, senón que se transforma en outras moitas obras literarias. E esta é sen dúbida un bo exemplo.

